

secretaria  
27/12/2018, 10:41  
REGISTRO Nº:7.632

ASUNTO:CIRC.14 FGB

FECHA DOCUMENTO:27/12/2018

NIVEL: 00

**CIRCULAR Nº 14**

**Tempada 18-19**

**Destino:** Asembleístas, Delegacións Zonais, Comités Árbitros.

**Asunto :** Emendas o Orzamento 2019 da Federación Galega de Baloncesto.

O próximo día 16 de xaneiro 2019 terá lugar, en Santiago de Compostela, a Asemblea Xeral Extraordinaria da FGB. Nesta vaise a tratar a aprobación do Orzamento 2019.

Todos os asembleístas poden aportar as súas suxestións de cara a esta cuestión remitindo as emendas, **antes do día 9 de Xaneiro**, ás 13.00 horas, dirixíndoas a esta Federación (Estadio Multiusos San Lázaro, Porta 14 de Santiago).

**Todas as emendas deberán chegar a esta Federación mecanografadas a dobre espazo e terán que presentar un texto alternativo o emendado**, de forma que serán remitidas a todos os asembleístas antes da celebración da Asemblea prevista para o día 16 de xaneiro de 2018.

Santiago, 27 decembro de 2018



Asdo. Susana Fernández Fiuza  
Secretaria Xeral

## **NORMAS PARA O DESEÑO DA ASEMBLEA**

1º.- As presentes normas teñen como fin esclarecer e axilizar o desenvolvemento assembleario, de maneira que esta se desenvolva o mellor posible.

2º.- As intervencións e votacións dos Sres. Asembleístas son persoais e intransferibles, polo que a persoa que estea acreditada en cada caso será a única que poida facer uso da palabra e exercer o dereito a voto.

3º.- Para facer uso da palabra, os Asembleístas deben solicitalo ao Sr. Presidente, quen, en aplicación do Artigo 45 dos Estatutos e 193 do Regulamento Xeral, será quen dirixa os debates, conceda ou retire a palabra, e pase a votación os asuntos cando o considere oportuno.

4º.- **Só serán obxecto de debate particularizado aqueles temas ou preceptos que sexan obxecto de emenda e os que o Presidente ou a maioría da asemblea considerase preciso.** Os temas ou preceptos non emendados entenderanse como aprobados, salvo que resulten afectados por emendas aceptadas en relación con outros temas ou preceptos. Artº 195 do Regulamento Xeral da F.G.B.

5º.- Durante a sesión só poderán presentarse emendas transaccionais que pretendan aproximar o contido das emendas presentadas e o texto do relatorio. As emendas transaccionais deberán presentarse por escrito antes de iniciarse a votación do texto ou precepto correspondente. A cualificación e admisión de tales emendas corresponderá ao Presidente. Artº 197 del Regulamento Xeral da FGB.

6º.- Por cada emenda poderán producirse dúas quendas a favor e dúas en contra por tempo non superior a tres minutos cada unha. En caso de emendas que se formulen no mesmo sentido, o Presidente poderá dividir as quendas a favor entre os emendantes. Artº 198 del Regulamento Xeral da FGB.

7º.- Finalizado o debate de todas as emendas a un tema ou precepto, someterase a votación o texto que, nese momento, propoña o Presidente. Se fose rexeitado, se someteranse a votación pola orden do seu debate, as emendas presentadas ata que algunha resulte aprobada. Artº 199 do Regulamento Xeral da F.G.B.

8º.- A aprobación das emendas requirirá a maioría simple, salvo que os Estatutos da Federación Galega de Baloncesto dispoñan outra cousa. Artº 200 do Regulamento Xeral da FGB.

9º.- As votacións efectuaranse a man alzada, salvo o disposto nos Estatutos para casos específicos. Artº 201 do Regulamento Xeral da FGB.

## **NORMAS PARA ACREDITACIÓN DE ASEMBLEISTAS E INVITADOS**

1º.- Para acreditarse na Asemblea Xeral Extraordinaria da FGB do próximo día 16 de xaneiro do 2019 será preciso comunicar a súa asistencia a esta Federación antes do día 14.01.19., por correo electrónico a [secretaria@fegaba.com](mailto:secretaria@fegaba.com), ou por fax ó 981-566066.

2º.- Os asembleístas deberán ir provistos do DNI o documento oficial similar.

4º.- Calquera asembleísta que queira asistir acompañado dalgunha persoa deberá solicitalo por escrito á Federación Galega de Baloncesto antes do día 14.01.19 ás 13.00 hrs., por medio do correspondente impreso que se xunta.

**ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA**

**16 DE XANEIRO DO 2019**

**ACREDITACION DE INVITADO**

D. \_\_\_\_\_, en  
calidade

de membro da Asemblea Xeral da Federación Galega de Baloncesto, solicita que  
acredite como invitado da Asemblea Xeral da FGB. do día 16 de xaneiro de 2019 a D.  
\_\_\_\_\_ con D.N.I. Nº \_\_\_\_\_.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2019

Asdo. \_\_\_\_\_

DNI Nº \_\_\_\_\_